




Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 2361AI011M	
Código de verificación  1Y19 2B43 0335 221O 0OX1	Expediente 236/2025/191	
	Fecha 18-05-2026	

## Asunto: Aprobación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado, en listaxe de agarda e persoas excluídas do programa Idiomas do Mundo 2026

### INFORME-PROPOSTA

**Primeiro.-** O Concello da Coruña, por medio do Servizo Municipal de Educación, convoca o programa “A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026”, no que se lle ofrece a oportunidade ao alumnado de 1º de Bacharelato, residente na cidade da Coruña, de realizar un curso de inmersión lingüística dun mes na República de Irlanda, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

**Segundo.-** As bases do programa foron aprobadas por Resolución do Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica do 22/01/2026, da que se publicou un extracto no Boletín Oficial da Provincia do 30/01/2026 (BOP n.º 20).

**Terceiro.-** O Servizo Municipal de Educación publicou o 09/04/2026 a listaxe provisional coa baremación e as persoas solicitantes propostas para a concesión das prazas de Idiomas do Mundo 2026. O subseguinte prazo de presentación de alegacións estivo aberto do 10/04/2026 ao 23/04/2026.

**Cuarto.-** Por parte do Servizo Municipal de Educación detectáronse diversos erros materiais como consecuencia fundamentalmente dun incorrecto volcado de datos relativos ao apartado da renda económica, que polo tanto requiren ser subsanados de cara a aprobación e posterior publicación das listaxes definitivas e que afectan ás solicitudes con ID 53, 76, 4, 28, 27, 92, 43, 64, 68, 62, 3, 16, 108, 42, 30, 31, 66, 34, 7, 105, 75, 79, 33, 69, 103, 70, 73, 41, 90, 17, 84, 88, 80, 48, 109, 13, 71, 45 e 106.

**Quinto.-** Durante o período de alegacións, os expedientes que presentaron reclamacións en prazo foron os seguintes:

- A solicitude con ID81 solicita que sexan revisadas as súas puntuacións relativas á nota de inglés e a nota media de 3º da ESO.
- A solicitude con ID46 solicita que sexan revisadas as súas puntuacións relativas á nota de inglés e a nota media de 3º da ESO
- A solicitude con ID61 solicita que sexa revisada a súa puntuación relativa a renda económica



- A solicitude con ID86 solicita que sexa revisada a súa puntuación pola súa condición de familia numerosa
- A solicitude con ID2 solicita que sexa revisada a súa puntuación relativa a renda económica
- A solicitude con ID82 solicita que sexan revisadas a súas puntuacións relativas a súa condición de familia numerosa e da renda económica

**Sexto.-** Logo de examinar as alegacións e tras as oportunas deliberacións, tendo en conta as bases do programa, a Comisión de Valoración, reunida o 06/05/2026, adoptou por unanimidade os seguintes acordos, tal como consta na acta correspondente (documento con código seguro de verificación OU4N 3B5I 313J 5413 102K):

1.- Proceder á corrección das baremacións e puntuacións publicadas erróneamente nas listaxes provisionais das solicitudes con ID 53, 76, 4, 28, 27, 92, 43, 64, 68, 62, 3, 16, 108, 42, 30, 31, 66, 34, 7, 105, 75, 79, 33, 69, 103, 70, 73, 41, 90, 17, 84, 88, 80, 48, 109, 13, 71, 45 e 106.

2.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID81:

- Decídese estimar a solicitude xa que a baremación e que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con un total de 10 puntos, correspondendo 2.60 a súa nota de 3º da ESO, 3.4 puntos a súa nota de inglés e 4 puntos pola súa renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, debe ser de 5 puntos pola nota de inglés ao obter unha cualificación de 10 en dita materia, e 5 puntos pola nota media de 3º da ESO ao ter unha cualificación de 10. De igual maneira, comprobase que a puntuación da renda económica é incorrecta xa que debe ter 2 puntos en vez de 4, para de esta forma obter unha puntuación total de 12 puntos.

3.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID46

- Decídese estimar a solicitude xa que a baremación que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con un total de 11,90 puntos, correspondendo 1.90 a súa nota de 3º da ESO, 0 puntos a súa nota de inglés e 10 puntos pola súa renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, debe ser de 2.50 puntos pola nota da ESO ao obter unha cualificación de 8.50 en dita materia, e 3.40 puntos pola nota media de 3º da ESO ao ter unha cualificación de 9. De igual maneira, comprobase que a puntuación pola renda económica é tamén incorrecta xa que polos seus ingresos, e de acordo ao establecido nas bases, lle corresponde unha puntuación de 7 en vez de 6, de tal forma que a súa puntuación total é de 12.90.

4.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID61

- Decídese estimar a solicitude xa que a baremación que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con unha puntuación de 3 no apartado da renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, dita puntuación ten que ser de 6. Desta maneira pasa a ter unha puntuación total de 12.30.

5.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID86

- Decídese estimar a solicitude xa que por un erro non figuraba na listaxe provisional o punto correspondente a súa condición de familia numerosa, cando así debía ser segundo a



documentación presentada no momento de formalizar a súa solicitude. A súa puntuación total é de 7.40

6.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID2

- Decídese estimar a solicitude xa que por un erro figuraba cunha puntuación de 3 puntos no apartado da renda económica na listaxe provisional cando segundo a documentación presentada ten que contar con 5 puntos, de tal maneira que a súa puntuación total é de 13.20.

7.- Ao respecto da alegación presentada pola solicitude con ID82

- Decídese desestimar a solicitude xa que aínda que na listaxe non figura indicado o punto correspondente a súa condición de familia numerosa, si estaba sumado na puntuación total, polo que ese punto xa está incorporado. Non obstante, debe procederse á incorporar o punto na listaxe definitiva, ademais de correxir tamén o número de membros da unidade familiar, que son 4 en lugar de 3 como erróneamente figura na listaxe provisional. Respecto a súa puntuación relativa á renda económica, comprobase que é correcta, ao estar situada no tramo baremado con 9 puntos para 4 membros da unidade familiar, segundo a aplicación do establecido nas bases, coa suma dos recadros correspondentes á base impositiva xeral e á base impositiva do aforro do exercicio presentado a efectos de valoración e a resta da cota resultante de autoliquidación (recadros 435, 460 e 595, respectivamente), ao que se engade a pensión de alimentos actuais establecida nas resolucións xudiciais en relación coa solicitante.

8.- Elaborar as listaxes definitivas de solicitudes seleccionadas, de agarda e excluídas do programa Idiomas do Mundo 2026 de acordo coa valoración recollida no anexo que se achega e tendo en conta que o número final de participantes é de 32, segundo a oferta recibida por parte da empresa adjudicataria da xestión do programa.

9.- De acordo coas bases, trasladar ao órgano instrutor as listaxes definitivas para a elaboración da proposta definitiva e a súa publicación na web educativa municipal e no taboleiro de edictos municipal, abrindo un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos listados, para que as persoas seleccionadas presenten o escrito de aceptación, que deberá ser asinado por ambos proxenitores ou titores legais e comunicado por escrito ao SME, a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias as que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo do rexistro de entrada) por correo electrónico á seguinte dirección do SME dentro de prazo de aceptación: [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal). No caso de aceptación por parte da persona beneficiaria deberase achegar, ase mesmo, o xustificante bancario do pagamento á empresa adjudicataria do importe correspondente á achega familiar.

**Sétimo.-** O punto 12.2. das bases da convocatoria deste programa recolle que as listaxes definitivas derivadas da proposta de resolución definitiva do órgano instrutor publicaranse nos medios



indicados no punto 3 das bases: a través do taboleiro de edictos municipal e do portal de Educación da páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)).

De conformidade co punto 13 das bases da convocatoria, tras a publicación da listaxe definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser asinada por ambos proxenitores ou titores legais e comunicada por escrito ao servizo municipal de Educación (SME), a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Logo de transcorrer o dito prazo de 10 días hábiles, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa.

Despois de transcorrer o prazo anterior, e no caso de producirse modificacións na listaxe definitiva coa incorporación de persoas procedentes da listaxe de agarda, a persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación, resolverá a convocatoria, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada consonte o disposto no apartado 14.3 das bases desta convocatoria.

A dita resolución definitiva da convocatoria poñerá fin á vía administrativa, e contra ela cabe interpoñer, de maneira potestativa, un recurso de reposición, no prazo dun mes ou poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

En todo caso, cómpre ter en conta que, consonte o previsto no punto 12.3, a firmeza da adxudicación do programa Idiomas do Mundo 2026 quedará condicionada á aceptación do alumnado por parte do país de destino, en función das súas esixencias.

**Oitavo.-** Consonte o previsto no artigo 63.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, debe acordarse mediante unha resolución “tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda”.

**Noveno.-** O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula, con carácter xeral, a desistencia e renuncia por parte das persoas interesadas nos procedementos administrativos, e establece que:

1. “Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos”. (...)
3. “Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable”. (...)
4. “A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, acudindo no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia” (...).

Por todo o exposto, e de conformidade coa acta aprobada pola Comisión de Valoración, que da conta da reunión realizada o día 06/05/2025, formando parte de este expediente para todos os efectos, e que recolle as deliberacións e acordos fundamentados acadados na dita reunión da Comisión de



Valoración (documento con código seguro de verificación 0U4N 3B5I 313J 5413 102K, realízanse as seguintes

## PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRA.-** Proceder á corrección das baremacións e puntuacións publicadas erróneamente nas listaxes provisionais das solicitudes con ID 53, 76, 4, 28, 27, 92, 43, 64, 68, 62, 3, 16, 108, 42, 30, 31, 66, 34, 7, 105, 75, 79, 33, 69, 103, 70, 73, 41, 90, 17, 84, 88, 80, 48, 109, 13, 71, 45 e 106.

**SEGUNDA.-** Estimar a reclamación presentada pola solicitude con ID81 xa que a baremación que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con un total de 10 puntos, correspondendo 2.60 a súa nota de 3º da ESO, 3.4 puntos a súa nota de inglés e 4 puntos pola súa renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, debe ser de 5 puntos pola nota de inglés ao obter unha cualificación de 10 en dita materia, e 5 puntos pola nota media de 3º da ESO ao ter unha cualificación de 10. De igual maneira, comprobase que a puntuación pola renda económica é tamén incorrecta xa que polos seus ingresos, e de acordo ao establecido nas bases, lle corresponde unha puntuación de 0 en vez de 4.

**TERCEIRA.-** Estimar a reclamación presentada pola solicitude con ID46 xa que a baremación que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con un total de 11,90 puntos, correspondendo 1.90 a súa nota de 3º da ESO, 0 puntos a súa nota de inglés e 10 puntos pola súa renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, debe ser de 2.50 puntos pola nota da ESO ao obter unha cualificación de 8.50 en dita materia, e 3.40 puntos pola nota media de 3º da ESO ao ter unha cualificación de 9. De igual maneira, comprobase que a puntuación pola renda económica é tamén incorrecta xa que polos seus ingresos, e de acordo ao establecido nas bases, lle corresponde unha puntuación de 6 en vez de 10.

**CUARTA.-** Estimar a reclamación presentada pola solicitude con ID61 xa que a baremación que figura nas listaxes publicadas é incorrecta, figurando con unha puntuación de 3 no apartado da renda económica, cando en realidade, e de acordo á documentación existente, dita puntuación ten que ser de 6. Desta maneira pasa a ter unha puntuación total de 12.30.

**QUINTA.-** Estimar a reclamación presentada pola solicitante con ID86 xa que a súa baremación que figura na listaxe provisional é incorrecta e debe engadirse un punto pola súa condición de familia numerosa, segundo consta na documentación presentada no momento da súa solicitude.

**SEXTA.-** Estimar a reclamación presentada pola solicitante con ID2 xa que a súa baremación que figura na listaxe provisional é incorrecta e debe contar con 5 puntos no apartado da renda económica

**SÉTIMA.-** Desestimar a reclamación presentada pola solicitante con ID82, xa que a súa baremación relativa a súa condición de familia numerosa xa está incluída na súa puntuación total e a súa puntuación relativa á renda económica está correctamente baremada. Non obstante, debe incluírse na listaxe o punto relativo á familia numerosa e corrixir o número de membros da unidade familiar, que é de 4.



# Concello da Coruña

**OITAVA.-** Aprobar as relacións definitivas do alumnado seleccionado, do alumnado en listaxe de agarda e mais do alumnado excluído (anexo I) do programa Idiomas do Mundo 2026, segundo o punto 12.2. das bases, e de conformidade co acordado pola Comisión de Valoración, na súa reunión do día 06/05/2026, tal como consta na acta da dita reunión (documento con código de verificación 0U4N 3B5I 313J 5413 102K).

**NOVENA.-** Publicar as ditas listaxes no taboleiro de edictos municipal e no portal de Educación da páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)), abrindo un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que as persoas seleccionadas presenten o escrito de aceptación, que deberá ser asinado por ambos proxenitores ou titores legais e comunicada por escrito ao SME, a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias as que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de transcorrer o dito prazo sen que se produza tal comunicación, entenderase que se renuncia a participación no programa Idiomas do Mundo 2026. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo do rexistro de entrada) por correo electrónico á seguinte dirección do SME dentro de prazo de aceptación: [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal).

**DÉCIMA.-** Advertir de que, no caso da aceptación por parte da persoa beneficiaria deberase achegar, así mesmo, o xustificante bancario que acredite o pagamento á empresa adxudicataria da xestión do Programa Idiomas do Mundo 2026 do importe correspondente á achega familiar.

**UNDÉCIMA.-** Advertir de que, consonte o previsto no punto 12.3, a firmeza da adxudicación do programa Idiomas do Mundo 2026 quedará en todo caso condicionada á aceptación do alumnado por parte do país, en función das súas esixencias.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O técnico responsable

A xefa de Servizo de Educación

Conforme,  
A Directora de Área de Educación



## ANEXO I

### Idiomas do mundo 2026. LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES

### LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES SELECCIONADAS E DE AGARDA

Nº orde	Estado solicitude	ID	Total puntos	Puntos ESO	Puntos inglés	Puntos Renta	Discapacidade	Familia numerosa	Familia monoparental	Miembros unidade familiar	Percentaxe a aportar	Importe a aportar por familias
1	Seleccionada	40	19.40	3.40	5.00	10	0	1	0	6	0%	0,00 €
2	Seleccionada	18	17.60	2.60	5.00	9	0	0	1	3	0%	0,00 €
3	Seleccionada	53	16.90	2.90	5.00	9	0	0	0	4	0%	0,00 €
4	Seleccionada	114	16.30	2.90	3.40	10	0	0	0	3	0%	0,00 €
5	Seleccionada	107	16.30	2.30	5.00	8	0	1	0	4	0%	0,00 €
6	Seleccionada	13	16.20	4.20	5.00	6	0	1	0	4	5%	232,85 €
7	Seleccionada	77	16.00	1.00	5.00	10	0	0	0	2	0%	0,00 €
8	Seleccionada	67	16.00	3.00	5.00	8	0	0	0	3	0%	0,00 €
9	Seleccionada	20	15.40	4.00	3.40	8	0	0	0	3	0%	0,00 €
10	Seleccionada	76	14.80	4.80	5.00	5	0	0	0	4	10%	465,70 €
11	Seleccionada	29	14.60	2.90	1.70	10	0	0	0	2	0%	0,00 €
12	Seleccionada	11	14.60	2.90	1.70	10	0	0	0	4	0%	0,00 €
13	Seleccionada	4	14.40	3.00	3.40	8	0	0	0	4	0%	0,00 €
14	Seleccionada	28	14.40	3.40	5.00	6	0	0	0	4	5%	232,85 €
15	Seleccionada	51	14.30	2.30	0.00	10	1	1	0	4	0%	0,00 €
16	Seleccionada	27	14.30	2.90	3.40	7	0	1	0	4	0%	0,00 €
17	Seleccionada	19	14.20	0.80	3.40	10	0	0	0	4	0%	0,00 €
18	Seleccionada	92	13.80	4.80	5.00	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
19	Seleccionada	35	13.60	3.60	5.00	5	0	0	0	3	10%	465,70 €
20	Seleccionada	89	13.40	4.40	5.00	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
21	Seleccionada	2	13.20	3.20	5,00	5	0	0	0	4	10%	465,70 €
22	Seleccionada	101	13.00	0.60	3.40	9	0	0	0	3	0%	0,00 €
23	Seleccionada	43	13.00	5.00	5.00	3	0	0	0	4	20%	931,40 €
24	Seleccionada	82	12.90	1.20	1.70	9	0	1	0	4	0%	0,00 €
25	Seleccionada	46	12.90	2.50	3.40	7	0	0	0	3	0%	0,00 €
26	Seleccionada	64	12.50	1.10	3.40	7	0	0	1	2	0%	0.00 €
27	Seleccionada	54	12.40	0.70	1.70	10	0	0	0	4	0%	0,00 €

COPIA AUTÉNTICA. El documento está pendiente de firmas adicionales para su aprobación. Mediante el código de verificación 1Y19ZB43033321000X1 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# Concello da Coruña

Nº orde	Estado solicitude	ID	Total puntos	Puntos ESO	Puntos inglés	Puntos Renta	Discapacidade	Familia numerosa	Familia monoparental	Miembros unidade familiar	Percentaxe a aportar	Importe a aportar por familias
28	Seleccionada	68	12.40	3.40	5.00	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
29	Seleccionada	61	12.30	2.90	3.40	6	0	0	0	3	5%	232,85 €
30	Seleccionada	62	12.20	0.80	3.40	8	0	0	0	3	0%	0.00 €
31	Seleccionada	81	12.00	5.00	5.00	2	0	0	0	4	25%	1.164,26 €
32	Seleccionada	6	11.90	1.90	0.00	10	0	0	0	4	0%	0,00 €
33	Listaxe agarda	1	11.80	2.10	1.70	8	0	0	0	3	0%	0,00 €
34	Listaxe agarda	39	11.60	0.60	0.00	10	0	1	0	6	0%	0,00 €
35	Listaxe agarda	58	11.60	0.60	0.00	10	0	1	0	5	0%	0,00 €
36	Listaxe agarda	3	11.50	1.50	5.00	5	0	0	0	3	10%	465.70 €
37	Listaxe agarda	16	11.10	1.40	1.70	7	0	1	0	5	0%	0,00 €
38	Listaxe agarda	15	10.80	0.80	0.00	10	0	0	0	4	0%	0,00 €
39	Listaxe agarda	44	10.80	0.80	0.00	10	0	0	0	2	0%	0,00 €
40	Listaxe agarda	108	10.60	1.20	3.40	5	0	1	0	3	10%	465,70 €
41	Listaxe agarda	42	10.40	3.00	3.40	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
42	Listaxe agarda	30	10.20	2.80	3.40	3	0	1	0	5	20%	931.40 €
43	Listaxe agarda	31	10.10	1.40	1.70	6	0	1	0	5	5%	232,85 €
44	Listaxe agarda	37	9.90	4.20	1.70	3	0	1	0	5	20%	931,40 €
45	Listaxe agarda	78	9.60	0.90	1.70	7	0	0	0	4	0%	0,00 €
46	Listaxe agarda	5	9.60	3.60	5.00	1	0	0	0	4	30%	1.397,11 €
47	Listaxe agarda	22	9.40	4.40	5.00	0	0	0	0	3	35%	1.629,96 €
48	Listaxe agarda	66	9.30	0.90	3.40	5	0	0	0	4	10%	465,70 €
49	Listaxe agarda	74	9.30	1.60	1.70	5	0	1	0	5	10%	232,85 €
50	Listaxe agarda	85	9.20	1.50	1.70	6	0	0	0	3	5%	232,85 €
51	Listaxe agarda	7	9.10	2.40	1.70	4	0	0	1	2	15%	698,55 €
52	Listaxe agarda	105	9.00	2.60	3.40	3	0	0	0	3	20%	931,40 €
53	Listaxe agarda	75	8.90	1.20	1.70	6	0	0	0	2	5%	232,85 €
54	Listaxe agarda	79	8.70	3.00	1.70	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
55	Listaxe agarda	34	8.40	1.00	3.40	4	0	0	0	3	15%	698,55 €
56	Listaxe agarda	33	8.30	1.90	3.40	3	0	0	0	4	20%	931,40 €
57	Listaxe agarda	69	8.20	1.20	0.00	7	0	0	0	4	0%	0,00 €
58	Listaxe agarda	103	8.20	1.80	3.40	3	0	0	0	3	20%	931,40 €
59	Listaxe agarda	70	7.70	2.30	3.40	2	0	0	0	4	25%	1.164,26 €
60	Listaxe agarda	73	7.40	1.70	1.70	4	0	0	0	3	15%	698,55 €
61	Listaxe agarda	86	7.40	1.40	0.00	4	0	1	1	3	15%	698,55 €
62	Listaxe agarda	72	7.40	2.40	5.00	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
63	Listaxe agarda	96	7.20	3.80	3.40	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
64	Listaxe agarda	41	7.10	2.40	1.70	3	0	0	0	4	20%	931,40 €
65	Listaxe agarda	93	6.80	3.40	3.40	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €

COPIA AUTÉNTICA. El documento está pendiente de firmas adicionales para su aprobación. Mediante el código de verificación: Y192B43035221000X1 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Nº orde	Estado solicitude	ID	Total puntos	Puntos ESO	Puntos inglés	Puntos Renta	Discapacidade	Familia numerosa	Familia monoparental	Miembros unidade familiar	Percentaxe a aportar	Importe a aportar por familias
66	Listaxe agarda	90	6.70	2.00	1.70	3	0	0	0	4	20%	931,40 €
67	Listaxe agarda	17	6.60	0.90	1.70	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
68	Listaxe agarda	112	6.40	3.00	3.40	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
69	Listaxe agarda	59	6.30	2.60	1.70	1	0	1	0	5	30%	1.397,11 €
70	Listaxe agarda	65	6.20	2.80	3.40	0	0	0	0	3	35%	1.629,96 €
71	Listaxe agarda	84	6.00	2.00	0.00	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
72	Listaxe agarda	88	6.00	2.30	1.70	2	0	0	0	4	25%	1.164,26 €
73	Listaxe agarda	12	5.90	0.90	0.00	5	0	0	0	4	10%	465,70 €
74	Listaxe agarda	80	5.90	2.90	0.00	3	0	0	0	4	20%	931,40 €
75	Listaxe agarda	49	5.80	0.80	0.00	5	0	0	0	3	10%	465,70 €
76	Listaxe agarda	48	5.60	1.60	0.00	4	0	0	0	4	15%	698,55 €
77	Listaxe agarda	25	5.60	2.20	3.40	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
78	Listaxe agarda	109	5.30	1.60	1.70	2	0	0	0	4	25%	1.164,26 €
79	Listaxe agarda	14	5.20	2.50	1.70	1	0	0	0	4	30%	1.397,11 €
80	Listaxe agarda	98	5.20	1.80	3.40	0	0	0	0	3	35%	1.629,96 €
81	Listaxe agarda	23	5.10	2.40	1.70	1	0	0	0	4	30%	1.397,11 €
82	Listaxe agarda	26	5.00	1.60	3.40	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
83	Listaxe agarda	71	4.70	0.70	0.00	4	0	0	0	2	15%	698,55 €
84	Listaxe agarda	99	4.60	2,90	1,70	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
85	Listaxe agarda	10	4.50	2.80	1.70	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
86	Listaxe agarda	94	4.10	2.40	1.70	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
87	Listaxe agarda	45	3.90	1.20	1.70	1	0	0	0	4	30%	1.397,11 €
88	Listaxe agarda	100	3.40	2.40	0.00	1	0	0	0	4	30%	1.397,11 €
89	Listaxe agarda	106	2.90	0.90	2.00	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
90	Listaxe agarda	56	2.40	0.70	1.70	0	0	0	0	4	35%	1.629,96 €
91	Listaxe agarda	52	0.70	0.70	0.00	0	0	0	0	3	35%	1.629,96 €

## IDIOMAS DO MUNDO 2026. LISTAXE DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

ID	ESTADO DA SOLICITUDE	CAUSA DA EXCLUSIÓN
8	EXCLUÍDA	Non ten nota de inglés en 4º da ESO. Base 4.5: Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación inferior a 7 puntos na materia de lingua estranxeira: idioma inglés.



# Concello da Coruña

9	EXCLUÍDA	Non levar un ano ininterrompido empadroado na Coruña. Base 4.2: Residir e estar empadroado/a co seu pai, nai ou representante legal, de ser o caso, no Concello da Coruña, con tempo previo de empadroamento mínimo dun ano ininterrompido inmediatamente anterior á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
21	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
24	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
32	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
36	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
38	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada polo ID39
47	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
50	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada polo ID51
55	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
57	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada polo ID56
60	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
63	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
83	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
87	EXCLUÍDA	Non estar empadroado na Coruña. Base 4.2: Residir e estar empadroado/a co seu pai, nai ou representante legal, de ser o caso, no Concello da Coruña, con tempo previo de empadroamento mínimo dun ano ininterrompido inmediatamente anterior á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
91	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
95	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
97	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada ID101
102	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada ID106
104	EXCLUÍDA	Solicitud duplicada ID69
110	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
111	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)



# Concello da Coruña

113	EXCLUÍDA	Non achegar a documentación requirida por Rexistro (base 8.2)
-----	----------	---

COPIA AUTÉNTICA. El documento está pendiente de firmas adicionales para su aprobación. Mediante el código de verificación 1Y192B430335221000X1 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web <https://sede.coruna.gal/>